



RESOLUCIÓN DO 9 DE NOVEMBRO DE 2020, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE SUSPENDE TEMPORALMENTE A CELEBRACIÓN DO ACTO PÚBLICO DE DEFENSA DO PROXECTO TÉCNICO NA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFATURA DE SERVIZO DE MEDICINA INTERNA DO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 5 DE FEBREIRO DE 2020 (DOG Nº 30, DO 13 DE FEBREIRO), COMO CONSECUENCIA DA RECUSACIÓN DUN MEMBRO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Con data 2 de novembro de 2020 publicouse a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se declara aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e se nomea a Comisión de Avaliación na Convocatoria Pública para a provisión do posto de Xefe/a de Servizo de Medicina Interna do Hospital Público de Cee, convocado por resolución do 5 de febreiro de 2020 (DOG nº 30, do 13 de febreiro)

Con data 3 de novembro de 2020 publicouse o Acordo da Comisión de Avaliación, polo que se convoca aos aspirantes ao acto público para a defensa do proxecto técnico.

Con data 4 de novembro de 2020 publicouse corrección de erros ao Acordo sinalado no parágrafo anterior, quedando fixado o acto público para a defensa do proxecto técnico para o día 11 de novembro de 2020, no Salón de Actos do Hospital Público de Cee, ás 11:00 horas.


O día 6 de novembro de 2020, un dos aspirantes formula recusación contra un dos membros da Comisión de Avaliación, de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015), de Réxime Xurídico do Sector Público.



Polo que antecede, mentres se resolve sobre a recusación formulada, esta Xerencia

RESOLVE:

Suspender o acto de defensa pública do proxecto técnico convocado pola Comisión de Avaliación para o día 11 de novembro de 2020.


A Coruña, 9 de novembro de 2020
O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

Asdo.: LUIS VERDE REMESEIRO

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data
procédese á publicación da presente Resolución.

A Coruña, 9 de novembro de 2020

O DIRECTOR DE RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

